



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

BASES DO PROCESO SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “MAIV GARANTIA XUVENIL 2017” MANCOMUNIDADE DE VIGO

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 2º e 10º da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG 10-04-2017), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido pola **MANCOMUNIDADE DE VIGO** e subvencionado pola antedita consellería.

N. Gómez
S. González
J. Martínez
M. Pérez
J. Rodríguez
A. Sánchez
J. Vázquez

As prazas de alumnos-traballadores que se convocan son:

8 prazas para a especialidades de **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN**Nivel 3

7 prazas para a especialidades de **OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS Nivel 1**

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuیر a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersonais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

- Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos-traballadores seleccionados polo grupo de traballo mixto serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia

Concepción Arenal, 8, andar 2

36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (duración de seis meses).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) REQUISITOS XERAIS:

1. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida a normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Pessoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real Decreto-lei 6/2016 do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego.

2. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

3. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, garantírse que o perfil dos alumnos se aadecue aos requisitos sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

NOTA: Terán prioridade absoluta as mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres víctimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa.
3. Falsear os datos do cuestionario.
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
5. A participación noutros proxectos de emprego e formación de iguais características



Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada polo grupo de traballo mixto e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase a partir do vindeiro **25/08/17**:

- a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concellos da entidade promotora do proxecto. De non atoparse candidatos suficientes (mínimo dous por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes.
- b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.
- c) Número de candidatos a remitir: *ata 3 por posto*, cun nivel profesional de PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a aportación imprescindible dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acredidación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).
- Acredidación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Acredidación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).
- Certificado emitido pola oficina de emprego que acredite que non recibiran previamente atención por parte do Sistema (se é o caso).

Con carácter xeral, delegarase a realización das solicitudes na Entidade Promotora. Os representantes de dita entidade, no grupo mixto de traballo, estarán presentes o día da realización das solicitudes e a recollida de documentación, e atenderán calquera dúbida

As **SOLICITUDES** realizaranse o día **12/09/17**, tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A entidade promotora presentará na sección de escolas obradoiro tódalas solicitudes e documentación pertinente para a súa valoración conxunta polo grupo de traballo mixto.

A lista de candidatos que pasan a fase seguinte, exporase na oficina de emprego e na



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia

Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

entidade promotora o día **19/09/17**.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, remitidos pola oficina de emprego, por medio dun **baremo obxectivo**. ANEXO I. A puntuación correspondente ao baremo será equivalente ao **75% da puntuación total**.
2. A devandita avaliación complementarase cunha segunda fase que consistirá na celebración dunha **entrevista persoal e/ou a resposta a un cuestionario**, que terá un valor do 25 % da nota final, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados enviados pola oficina de emprego en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.
3. Pasarán á fase de entrevista, co carácter xeral, dous candidatos por posto de traballo. Non obstante, o grupo de traballo mixto poderá incrementar o seu número co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de traballo na correspondente sesión, procederá á súa calificación final (titular da especialidade / suplente / non seleccionado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.
2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor categoría profesional.

Noventa.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzcan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia

Concepción Arenal, 8, andar 2

36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera disponible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIONES.

1. De conformidade co previsto polo artigo 13º da orde do 29 de marzo de 2017 (DOG 10-04-2017) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Vigo, 23 de agosto de 2017

Asdo.: Mª Jesús Valledor Puente

N. Cruces

Asdo. Nuria Cruces Cerviño

Asdo.: Lourdes González Salceda

Asdo.: Pedro Firvida Diz



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia

Concepción Arenal, 8, andar 2

36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

CRITERIOS		PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
Pessoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
Discapacidade \geq 33%		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 21 ata 22 anos	1
	De 23 ata 24 anos	2
	De 25 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	> 12 meses	1
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P..) Ata graduado en ESO.	3
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, FP ciclo medio ou Bacharelato)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5